

contrato de traballo ou a redución temporal da xornada de traballo, considerándose o dito período como efectivamente cotizado para todos os efectos.

A exención, en caso de suspensión do contrato de traballo, será do 100 por 100 e, para o suposto de redución temporal da xornada de traballo, esa exención será proporcional á dita redución.

e) Nestas exencións será de aplicación o disposto no artigo 2.1.a), último parágrafo, e c) desta orde, sobre a presentación de documentos de cotización.

2. As cotas exentas que xa fosen ingresadas, incluídas, se for o caso, as recargas, xuros de demora e custas que se satisfixesen, serán devoltas logo da petición dos interesados acompañada dos documentos acreditativos do seu pagamento, nos termos e cos efectos fixados no número 3 do artigo seguinte.

Artigo 2. *Moratoria no pagamento de cotas da Seguridade Social.*

1. Para os efectos da moratoria de ata un ano sen xuro no pagamento das cotas da Seguridade Social por todas as continxencias así como polos conceptos de recadación conxunta con aquelas, correspondentes aos tres meses naturais inmediatamente anteriores á produción do sinistro, e recoñecida tanto ás empresas respecto da totalidade das achegas ao seu cargo coma aos traballadores por conta propia incluídos en calquera dos réximes do sistema da Seguridade Social, conforme o artigo 5.2 do citado Real decreto lei 8/2006, do 28 de agosto, serán de aplicación as seguintes normas:

a) Para os efectos da presentación das solicitudes de moratoria será de aplicación o disposto no punto 1 do artigo anterior.

A xustificación dos danos sufridos realizarase mediante a documentación expedida para o efecto polo respectivo concello ou polo delegado do Goberno ou, se é o caso, polo subdelegado do Goberno na provincia de que se trate, acreditativa dos danos e da situación das empresas ou explotacións afectadas ou, se é o caso, mediante resolución favorable en expediente de regulación de emprego ou mediante resolución ou comunicación do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación ou, se é o caso, a través da Entidade Estatal de Seguros Agrarios (Enesa), en que conste a condición de beneficiario das indemnizacións outorgadas en relación cos danos producidos polos incendios forestais acaecidos, conforme o indicado no artigo 1 do Real decreto lei 8/2006, do 28 de agosto.

No suposto de empresas, a certificación terá carácter individualizado para cada unha delas.

Así mesmo, xunto coas solicitudes da moratoria presentaranse, de non telo efectuado con anterioridade, os documentos de cotización correspondentes aos meses obxecto da moratoria, así como os relativos aos meses posteriores cuxo prazo de presentación estiver xa vencido, aínda que non se ingresen as cotas respectivas, se for o caso.

b) A concesión ou denegación da moratoria acordaraa o director provincial da Tesouraría Xeral da Seguridade Social ou, se é o caso, o director da Administración correspondente, conforme a distribución de competencias establecida para a concesión de aprazamentos.

O prazo de ata un ano das moratorias concedidas computarase a partir do último día do prazo regulamentario de ingreso das cotas de que se trate.

c) Os solicitantes aos cales se lles concedese a moratoria virán obrigados, malia esta, a presentar os documentos de cotización correspondentes a períodos posteriores á dita concesión, na mesma forma e prazos establecidos con carácter xeral, aínda cando non ingresen as cotas. No seu defecto, a moratoria quedará sen efecto desde a data en que se deberon presentar tales documentos.

2. A aplicación da moratoria de ata un ano sen xuro no pagamento das cotizacións, nos termos regulados no artigo 5.2 do Real decreto lei 8/2006, do 28 de agosto, para os danos producidos polos incendios orixinados na Comunidade Autónoma de Galicia no mes de agosto de 2006, entenderase referida aos meses de maio, xuño e xullo de 2006.

3. As solicitudes de devolución das cotas xa ingresadas e que sexan obxecto de moratoria, incluídas, se é o caso, as recargas, xuros de demora e custas que se satisfixesen, poderanse presentar xunto coa solicitude de concesión da moratoria e, en todo caso, dentro do prazo establecido no punto 1.b) do artigo anterior, debendo xuntarlle para tal efecto os documentos acreditativos do seu pagamento. No suposto de que no prazo sinalado non se solicitase a devolución das cotas obxecto de moratoria, considerarase que se renuncia ao período de moratoria a que se refiran as ditas cotas.

Se o que tivese dereito á devolución fose debedor da Seguridade Social por cotas correspondentes a outros períodos, o crédito pola devolución seralle aplicado ao pagamento de débedas pendentes con aquela na forma que legalmente proceda, sen prexuízo do seu dereito a solicitar aprazamento de todas as cotas pendentes que, deste xeito, non sexan compensadas, nos termos do Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 1415/2004, do 11 de xuño.

Artigo 3. *Aplicación das medidas a outros incendios.*

A exención e a moratoria a que se refiren os artigos anteriores así como as demais medidas establecidas no artigo 5 do Real decreto lei 8/2006, do 28 de agosto, serán así mesmo aplicables a outros incendios de características similares acaecidos ou que poidan acaecer desde o 1 de abril ata o 1 de novembro de 2006 nos termos que declare o Goberno no sucesivo mediante real decreto en que se delimiten os municipios e os núcleos de poboación afectados polos incendios forestais no devandito período, de acordo coas previsións do artigo 1.3 do devandito Real decreto lei 8/2006.

Disposición adicional única. *Extensión das medidas.*

Nas referencias feitas aos traballadores nesta orde entenderanse incluídos tamén os socios traballadores das cooperativas encadrados en calquera dos réximes do sistema da Seguridade Social.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 6 de outubro de 2006.—O ministro de Traballo e Asuntos Sociais, Jesús Caldera Sánchez-Capitán.

MINISTERIO DA VIVENDA

18003 *ORDE VIV/3149/2006, do 3 de outubro, pola que se crea e regula o Rexistro de Vivendas Protexidas. («BOE» 247, do 16-10-2006.)*

O Real decreto 801/2005, do 1 de xullo, polo que se aproba o Plan estatal 2005-2008, para favorecer o acceso dos cidadáns á vivenda, establece diversos mecanismos de planificación e control da execución do plan e das axu-

das concedidas de acordo coa súa normativa. A preocupación polo control do gasto público únese coa necesidade de incrementar a transparencia e a información no mercado da vivenda, e especialmente, no ámbito das vivendas protexidas.

Polo de agora, a Administración xeral do Estado non dispoñía dun sistema de control organizado e estruturado sobre as axudas concedidas, que permitise un tratamento conxunto e sistemático da información que tanto as comunidades autónomas como as entidades financeiras lle deben enviar ao Ministerio de Vivenda, sen prexuízo da remisión de datos que se veu realizando. Para tal fin, o novo Plan estatal establece diversos instrumentos, entre os que ten unha especial importancia a creación do Rexistro de Vivendas Protexidas.

Así, a disposición adicional sexta do Real decreto 801/2005 establece que o titular do Ministerio de Vivenda, mediante orde, establecerá un Rexistro de Vivendas Protexidas acollidas a este plan, no cal se incluírán, polo menos, os promotores das vivendas protexidas de nova construción e os beneficiarios das axudas económicas directas estatais.

O artigo 78 do citado real decreto, relativo a convenios de colaboración con comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla, dispón que nos convenios que se subscriban para a aplicación e desenvolvemento do Plan estatal 2005-2008 se recollerán, entre outros aspectos, a subministración da información sobre o Plan de Vivenda para a súa incorporación ao Rexistro de Vivendas Protexidas a que se refire a disposición adicional sexta deste real decreto.

De acordo con isto, e en execución do citado real decreto, os convenios de colaboración asinados entre o Ministerio de Vivenda, as comunidades autónomas e as cidades de Ceuta e Melilla para a aplicación do Plan estatal 2005-2008, para favorecer o acceso dos cidadáns á vivenda, previron, no parágrafo terceiro da súa cláusula quinta, que os datos que as comunidades autónomas lle subministren ao Ministerio de Vivenda poderán ser incluídos polo dito ministerio no Rexistro de Vivendas Protexidas a que se refire a disposición adicional sexta do Real decreto 801/2005, na forma e para os efectos que se determinen na orde de creación do dito rexistro. Os citados datos inclúense no Protocolo para o intercambio normalizado de información que se xunta como anexo a cada un dos convenios asinados.

O proxecto de orde foi sometido ao informe do Ministerio de Administracións Públicas e das comunidades autónomas, así como á audiencia das entidades de crédito e demais organizacións que poidan resultar afectadas.

En consideración disto, esta orde dítase en cumprimento da previsión contida na disposición adicional sexta do citado real decreto e en desenvolvemento do seu artigo 78.g), establecendo a regulación do Rexistro de Vivendas Protexidas e determinando os aspectos relacionados coa xestión do referido rexistro administrativo.

Na súa virtude, logo de aprobación do ministro de Administracións Públicas, dispoño:

Artigo 1. *Obxecto e finalidade.*

1. Esta orde ten por obxecto crear o Rexistro de Vivendas Protexidas acollidas ao Plan estatal 2005-2008, para favorecer o acceso dos cidadáns á vivenda e regular o seu funcionamento, en cumprimento do previsto na disposición adicional sexta do Real decreto 801/2005.

2. O Rexistro de Vivendas Protexidas adscribíase, dentro do Ministerio de Vivenda, á Dirección Xeral de Arquitectura e Política de Vivenda, a quen corresponderá a súa xestión e mantemento.

3. O Rexistro de Vivendas Protexidas establécese co fin de incrementar a transparencia e o control público en

relación coas vivendas protexidas; de sistematizar o coñecemento dos axentes e beneficiarios do Plan estatal 2005-2008 e de garantir un axeitado seguimento e avaliación das axudas da Administración xeral do Estado vinculadas ás vivendas protexidas en execución do referido plan.

Artigo 2. *Contido do Rexistro de Vivendas Protexidas.*

O Rexistro de Vivendas Protexidas, de acordo co previsto no artigo 78.g) do Real decreto 801/2005 e co acordado no parágrafo terceiro da cláusula quinta dos convenios de colaboración asinados entre o Ministerio de Vivenda, as comunidades autónomas e as cidades de Ceuta e Melilla para a aplicación do Plan estatal 2005-2008, para favorecer o acceso dos cidadáns á vivenda, conterá os datos identificativos que se detallan nos restantes artigos desta orde, referidos aos seguintes aspectos:

1. Os promotores das actuacións protexidas de nova construción, para alugamento e venda, así como de rehabilitación, sexa para as mesmas finalidades ou para uso propio.

2. Os promotores de actuacións protexidas en materia de solo con destino predominante á promoción de vivendas protexidas.

3. Os beneficiarios das axudas non financeiras e financeiras do Plan de Vivenda.

4. Os empréstitos concedidos ao abeiro do plan.

5. As vivendas protexidas cualificadas ou declaradas como tales, que cumpran os requisitos establecidos no real decreto.

6. As vivendas usadas, libres ou protexidas, cuxa adquisición se considere protexida, sexa para uso propio ou para destinalas a arrendamento.

7. As vivendas e edificios rehabilitados con subvencións do plan.

8. As vivendas libres e usadas cuxos propietarios reciban apoio económico para poñelas en arrendamento.

9. As entidades financeiras colaboradoras.

10. As áreas de rehabilitación creadas con financiamento do plan.

11. Os portelos únicos de vivenda.

Artigo 3. *Información do rexistro relativa ao promotor, propietario ou inquilino.*

1. En relación cos datos relativos ao promotor individual, para uso propio, de vivendas protexidas de nova construción, promotor individual de rehabilitación illada, propietario, comprador ou inquilino (perceptor de axudas directas para axudarlle a pagar a súa renda), farase constar no rexistro: o nome e apelidos, documento nacional de identidade, número de identificación fiscal ou calquera outro documento legalmente admitido, domicilio, teléfono, fax ou correo electrónico.

Igualmente faranse constar, se é o caso, os datos que determinen a cualificación do beneficiario con dereito a protección preferente, así como os datos de ingresos da unidade familiar utilizados para o recoñecemento de axudas dos seus beneficiarios.

2. O rexistro incluírá, así mesmo, os datos incluídos no punto 1 deste artigo, referidos aos novos propietarios das vivendas acollidas ao Plan estatal 2005-2008, cando se produzan segundas ou posteriores transmisións destas vivendas dentro do período a que se estenda o réxime de protección ou, en caso de adquisición protexida de vivendas usadas, o período de limitación de prezos de venda. Neste suposto, o rexistro incluírá, así mesmo, a data da segunda ou posterior transmisión, así como, se for o caso, a devolución das axudas estatais percibidas, xunto co motivo do dito reintegro.

3. No caso de se tratar de persoas xurídicas, farase constar a denominación da sociedade, o código de identificación fiscal, nome e apelidos do seu representante legal, así como o número de identificación fiscal deste, domicilio social, teléfono, fax e correo electrónico.

Artigo 4. Información do rexistro relativa á vivenda protexida e á libre usada.

1. En relación cos datos relativos á vivenda, inscribíranse no rexistro a totalidade dos datos relativos á situación da vivenda, entre os que se deberán encontrar: provincia, localidade, rúa, número, escaleira, piso, porta e calquera preciso para a súa localización. Ademais, inscribírase a superficie útil da vivenda, o garaxe, o rocho ou os anexos vinculados a esta, o prezo de venda, o prezo máximo legal de referencia e a renda anual, se é o caso.

2. Cando a vivenda estea nunha área de rehabilitación financiada con cargo ao Plan de Vivenda 2005-2008, esta circunstancia farase constar expresamente no rexistro. Igualmente, se a vivenda se localiza nuns solos que fosen obxecto de financiamento con cargo ao devandito plan. En ambos os dous supostos, os datos descritivos da vivenda deberán ir acompañados dunha descrición que permita a identificación concreta dos ditos solos ou áreas.

3. Farase constar a duración do réxime de protección das vivendas, a limitación do prezo das vivendas usadas e duración do réxime de uso das vivendas promovidas inicialmente en arrendamento. Así mesmo, se for o caso, deberase facer referencia á atribución da vivenda a beneficiarios con dereito a protección preferente.

Artigo 5. Información do rexistro relativa ás entidades de crédito colaboradoras.

1. En relación coas entidades de crédito colaboradoras para a aplicación do Real decreto 801/2005, farase constar no rexistro a denominación da sociedade, o código de identificación fiscal, o nome e apelidos do seu representante legal, así como o número de identificación fiscal deste, domicilio social, teléfono, fax e correo electrónico, e calquera outro dato necesario para as finalidades do rexistro.

2. Ademais, rexistrárase a data da sinatura dos convenios de colaboración que se subscriban entre o Ministerio de Vivenda e as entidades de crédito, en execución do previsto no artigo 79 do Real decreto 801/2005.

Artigo 6. Información do rexistro sobre os empréstitos convidados.

En relación cos empréstitos convidados e as axudas económicas estatais directas relacionadas con eles, constarán no rexistro, ademais dos datos relativos á identificación do promotor e dos beneficiarios, os movementos e incidencias sobre eles que se indican:

1. Conformidade á concesión.
2. Formalización.
3. Disposición.
4. Renovación de subsidio ou prórroga de subsidio.
5. Subrogación.
6. Amortización anticipada.
7. Cancelación anticipada.
8. Redución do importe do empréstito.
9. Liquidación do subsidio.
10. Amortización e cancelación total do empréstito.
11. Inicio de interrupción de aboamento de cotas.
12. Fin de interrupción de aboamento de cotas.
13. Inicio de aplicación do subsidio.
14. Cesamento de aplicación do subsidio.

15. Liquidación complementaria de subsidio.
16. Conformidade do Ministerio de Vivenda ao aboamento da AEDE.
17. Incidencias modificativas da AEDE, tras a conformidade inicial do Ministerio de Vivenda.
18. Devolución do subsidio e AEDE.
19. Reintegro da AEDE.

Artigo 7. Información inscribible no rexistro sobre áreas de rehabilitación.

Inscribíranse no Rexistro de Vivendas Protexidas as áreas de rehabilitación que se constitúan e financien con cargo ao Plan de Vivenda, determinando os límites destas e o número de vivendas e edificios previstos para rehabilitar, así como as intervencións previstas en infraestruturas e dotacións. Inscribíranse, ademais, a medida en que sexa posible ir coñecendoos, tanto as vivendas concretas obxecto das axudas financeiras do Ministerio de Vivenda como os seus beneficiarios, segundo se establece nos artigos 3 e 4 desta orde.

Artigo 8. Actuacións en materia de urbanización protexida de solo.

Inscribíranse no Rexistro de Vivendas Protexidas as actuacións en materia de urbanización protexida do solo que se financien con cargo ao Plan de Vivenda, determinando os datos do promotor, os límites dos ámbitos de urbanización, a superficie edificable residencial total destes e a destinada a vivendas protexidas, así como o número previsto destas últimas. No caso de que se trate de áreas de urbanización prioritaria, esta circunstancia inscribírase así mesmo no rexistro, igual que se a actuación inclúe a adquisición onerosa do solo obxecto de urbanización.

Artigo 9. Información sobre subvencións.

Inscribíranse no Rexistro de Vivendas Protexidas as subvencións estatais percibidas, relacionadas cos seus perceptores e o motivo ou liña de actuación protexida a que as ditas subvencións responden.

Os datos dos perceptores serán os mesmos que os indicados no artigo 3 desta orde.

Respecto das subvencións mesmas, o rexistro incluírá o motivo ou liña de actuación protexida a que responden e a súa contía, así como, se é o caso, posibles incidencias posteriores ao recoñecemento e aboamento efectivo por parte da comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía, especialmente no referente á contía, renovación, en caso de axudas a inquilinos, e eventual devolución delas, indicando o motivo destas incidencias.

Artigo 10. Portelos únicos de vivenda.

Inscribíranse no Rexistro de Vivendas Protexidas os portelos únicos de vivendas financiados con cargo aos recursos do mencionado Plan estatal 2005-2008, especificando, polo menos, a localización, os medios persoais, as subvencións recibidas e o custo económico total, así como o número de expedientes tramitados.

Artigo 11. Protección dos datos inscritos no rexistro.

1. Os datos individualizados do rexistro non terán carácter público e serán utilizados polo Ministerio de Vivenda, para os efectos indicados no artigo 1 desta orde. En todo caso, o seu funcionamento e a seguridade dos datos contidos no rexistro respectarán o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e as súas disposicións complementarias.

2. Sen prexuízo do previsto no parágrafo anterior, os datos inscritos no rexistro poderán serlles comunicados, se for o caso, a outros órganos da Administración xeral do Estado, ás comunidades autónomas e ás cidades de Ceuta e Melilla, en cumprimento das finalidades previstas no artigo 1 desta orde.

3. No suposto de que os datos individualizados inscritos no rexistro se refiran a circunstancias persoais que, no contexto do mencionado plan, supoñan preferencia para a obtención de axudas económicas especiais ou complementarias, estes datos só poderá comunicarllelos o Ministerio de Vivenda ás comunidades autónomas ou ás cidades de Ceuta e Melilla que recoñeceron o dereito ás axudas correspondentes, sen prexuízo do establecido no punto 4 deste artigo.

4. Os datos agregados, sen personalizar, integrados no rexistro, poderán ser utilizados para os efectos de seguimento e avaliación do Plan estatal 2005-2008 e ser publicados.

Artigo 12. *Funcionamento.*

1. O Rexistro de Vivendas Protexidas, de acordo co previsto no artigo 78.g) do Real decreto 801/2005 e co acordado no parágrafo terceiro da cláusula quinta dos convenios de colaboración asinados entre o Ministerio de Vivenda, as comunidades autónomas e as cidades de Ceuta e Melilla para a aplicación do Plan estatal 2005-2008, para favorecer o acceso dos cidadáns á vivenda, nutrirase dos datos que lle remitan as comunidades autónomas e as cidades de Ceuta e Melilla á Dirección Xeral de Arquitectura e Política de Vivenda.

2. Así mesmo, nutrirase dos datos que as entidades de crédito colaboradoras lle remitan ao dito órgano, atendendo ao acordado nos convenios de colaboración que se subscribiron entre estas entidades e o Ministerio de Vivenda, en cumprimento do previsto no artigo 79 do Real decreto 801/2005.

Disposición adicional única. *Recursos humanos e materiais.*

O Rexistro de Vivendas Protexidas que se establece e regula nesta orde estará informatizado e funcionará cos recursos humanos e materiais de que dispón o Ministerio de Vivenda.

Disposición derradeira primeira. *Carácter básico.*

O punto 1 do artigo 12 desta orde ten carácter básico, de conformidade co disposto no artigo 149.1.13 da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, e dítase en cumprimento da previsión contida na disposición adicional sexta e en desenvolvemento do artigo 78.g) do Real decreto 801/2005, do 1 de xullo, polo que se aproba o Plan estatal 2005-2008, para favorecer o acceso dos cidadáns á vivenda.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Madrid, 3 de outubro de 2006.—A ministra de Vivenda, María Antonia Trujillo Rincón.

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

18145 REAL DECRETO 1144/2006, do 6 de outubro, polo que se regulan as condicións de aplicación da normativa comunitaria en materia de hixiene dos pensos. («BOE» 249, do 18-10-2006.)

Logo da aprobación do Regulamento (CE) n.º 183/2005, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de xaneiro

de 2005, polo que se fixan requisitos en materia de hixiene dos pensos, quedan derogadas a Directiva 95/69/CE, do Consello, do 22 de decembro, pola que se establecen os requisitos e as normas aplicables á autorización e ao rexistro de determinados establecementos e intermediarios do sector da alimentación animal, e a Directiva 98/51/CE, da Comisión, do 9 de xullo, relativa a determinadas disposicións de aplicación da Directiva 95/69/CE, do Consello, do 22 de decembro.

Isto obriga, para a necesaria seguranza xurídica, e sen prexuízo da súa inaplicabilidade, á derogación, respectando os períodos transitorios correspondentes para as importacións, do Real decreto 1191/1998, do 12 de xuño, sobre autorización e rexistro de establecementos e intermediarios do sector da alimentación animal, e do Real decreto 608/1999, do 16 de abril, polo que se establecen as condicións de autorización e rexistro para a importación de determinados produtos do sector da alimentación animal procedentes de países terceiros, e polo que se modifica o Real decreto 1191/1998, do 12 de xuño, mediante os que se incorporaron ao noso ordenamento, respectivamente, as directivas 95/69/CE, do Consello, do 22 de decembro, e 98/51/CE, da Comisión, do 9 de xullo. Derrógase así mesmo o Real decreto 418/1987, do 20 de febreiro, sobre as substancias e produtos que interveñen na alimentación dos animais dado que as directivas que incorporaba foron substituídas ou modificadas por outras directivas ou regulamentos que xa foron incorporados á normativa nacional ou son de aplicación, respectivamente.

Así mesmo, e malia a eficacia e aplicabilidade directa do mencionado regulamento, é necesario establecer certas disposicións específicas, co fin de, fundamentalmente, concretar o ámbito de aplicación, as distintas obrigas dos establecementos, as autoridades competentes e a necesaria colaboración e coordinación entre as comunidades autónomas e a Administración xeral do Estado, incluída a Comisión Nacional de Coordinación en Materia de Alimentación Animal, facer uso de certas medidas transitorias e fixar o réxime sancionador aplicable de acordo co artigo 30 do Regulamento (CE) n.º 183/2005, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de xaneiro.

Este real decreto dítase ao amparo do artigo 49.1.13.ª e 16.ª da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación da actividade económica e de sanidade exterior e bases e coordinación xeral da sanidade, respectivamente.

Este real decreto foi sometido a consulta das comunidades autónomas e das entidades representativas dos intereses dos sectores afectados e a Comisión Interministerial de Ordenación Alimentaria emitiu informe.

Na súa virtude, por proposta das ministras de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Sanidade e Consumo, coa aprobación previa do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 6 de outubro de 2006,

DISPÕÑO:

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto ten por obxecto establecer disposicións específicas de aplicación do Regulamento (CE) n.º 183/2005, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de xaneiro de 2005, polo que se fixan requisitos en materia de hixiene dos pensos.

2. A Comisión Nacional en Materia de Alimentación Animal a que se refire o artigo 9 deste real decreto establecerá os criterios para determinar aquelas operacións incluídas no artigo 2.2.d) do Regulamento 183/2005, do